

EXPEDIENTE 631/2024: OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER ARTICULADA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN.

ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO E OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Visto o expediente instruído para a concesión da subvención á AECC, en concepto de axuda para a posta en marcha do “Programa 2024 de atención psicosocial do enfermo oncolóxico e a súa familia”.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Solicitud de subvención nominativa presentada pola Asociación o día 12 de xullo de 2024 (Rexistro nº 947)
- Proposta da presidencia do O.A Terra de Sanxenxo e a xustificación da concesión da subvención directa.
- Borrador do Convenio de colaboración entre o Concello de Sanxenxo (a través do O.A.Terra) e a AECC de Sanxenxo para regular o outorgamento da subvención.
- Solicitud da presidencia para a emisión do informe de control financeiro de intervención.
- O informe de fiscalización emitido pola intervención xeral municipal do 12 de agosto do 2024 no que se informa favorablemente o outorgamento dunha subvención de 3.000 euros á AECC de Sanxenxo, tramitándose a subvención a través do O.A Terra de Sanxenxo.

Á vista dos antecedentes expostos, esta Presidencia, resolve:

PRIMEIRO: Aprobar o Convenio entre o O.A. Terra de Sanxenxo e a AECC de Sanxenxo para regular o outorgamento dunha subvención para o desenrolo e posta en marcha do “Programa 2024 de atención psicosocial do enfermo oncolóxico e a súa familia”, que consta de 6 cláusulas , asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena todas elas.



O.A. Terra de Sanxenxo

SEGUNDO: Conceder a subvención de tres mil (3.000) euros á Asociación Española contra o cancro de Sanxenxo para a posta en marcha do “Programa 2024 de atención psicosocial do enfermo oncolóxico e a súa familia”. Esta subvención se suxeitará a todas as regras de xustificación das subvencións establecida na lexislación vixente.

TERCEIRO: Publicar na Base de Datos Nacional de Subvencións, a través da plataforma informática correspondente, o outorgamento da subvención.

CUARTO: a remisión da presente resolución á AECC de Sanxenxo para os efectos oportunos.

En Sanxenxo, asina o Sr. Presidente do O.A. Terra de Sanxenxo, Telmo Martín González e o Sr. Secretario Acctal., Luís Angel Sabariz Rolan.

